

*Contestado el
1 de Mayo
+*



Consello de Galiza

Buenos Aires, 28 Marzo de 1955.

Señor,
Don César Alvajar
PARIS. (Francia)

Estimado Alvajar:

Fai tempo que estaba por escribirlle, mais as dificultás que decote se atopan pra orgaizar as cousas como cumpriría facelo, -particularmente dificultás de orde económico, xa que eiquí estamos embarcados en tarefas que requiren cada vegada máis e máis gastos, -fixo que fora deixando o choio de considerar a maneira de facer viabel o funcionamento da representación deste Consello diante dos orgaismos internacionaes afíns ó movemento nacionalista galego.

En xeral, as indicaciós de vostede parécennos axeitadas, aínda que se tropeza coa non pequena dificultade de que non temos coñecimento coas persoas dahí, siquera con unha que reunira as condicións que son indispensabls. Isto temos preocupados, e xúntase o incomenente xa apuntado. Se neste terreo vostede poidera aportarnos algunha ilustración, moito lle o estimaríamos. Todo dempnde de como se presentan as cousas. Cecaís a vosté lle resultaría doado, aínda que non asumindo a total representación, ter certa participación nila. Poida que compartíndoa con algunha outra persoa, -si se atopase de xeito e merecente de toda confianza-, que tivera facilidade pra desplazarse, a vostede non lle resultara totalmente imposibel darnos a sua axuda. Pídlle que considere o caso e non deixe de informar a iste Consello.

Estamos en todo conformes co que vostede nos dí no tocante a importancia fundamental de París como foco de irradiación e axeitado punto neurálxico pra tomar o pulso a totalas correntes de opinión e movementos políticos. Por iso o choio da representación conquire pra nós o máis outo intrés.

Mandámoslle algúns exemprares do documento que foi presentado a UNESCO, na sua Asamblea de Montevideo, denunciando a persecución do noso idioma. Prégolle que lle percure tanta difusión lle sexa posibel e faga d-íl o uso que estime máis axeitado.

Na espera da sua resposta, reciba unha forte aperta deste seu amigo e irmán,

Antón Alonso Ríos
Antón Alonso Ríos
Segretario

Dirección:
A. Alonso Ríos,
Cochabamba 4166 (Dep.3),
BUENOS AIRES. (República Argentina)